

# VIDA E OBRA DE PACIOS NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

por FERNANDO ARRIBAS ARIAS  
e ANTONIO REIGOSA CARREIRAS

Cómprenos a tarefa, neste artigo de urxencia, de falar de Pacios e da súa obra no Museo Provincial de Lugo. O traballo non é doado, porque escribir sobor dun compañeiro que hai moi pouco tempo estaba connosco non resulta agradable. De todos xeitos, vaian estas liñas, feitas a «voa pruma», como o derradeiro homenaxe de admiración e respecto.

Luis Gómez Pacios, máis coñecido por Pacios, naceu o 18 de abril de 1925, escomenzando a súa consagración como pintor o día en que ganou o seu primeiro premio, (estando no xurado Julia Minguillón), cuido importe servíulle pra mercar unha caixa de pinturas na librería Celta. Dende moi novo entrou a traballar na imprenta da Diputación Provincial, deica 1956 en que pasa ó Museo. Alí escomenzou como Ordenanza-Guíá até chegar a desempeñar a función de Conservador-Restaurador; non obstante os seus quefaceres excedían con moito a súa misión, xa que, debido a gran cantidade de amizades que tiña, foi artifice pra que o Museo contara con importantes donacións e depósitos de artistas consagrados, entre os que merecen especial mención Julia Minguillón, Castro Gil, Tino Grandío, Saturno Lois e un longo etcétera.

Aparte de conseguir fondos pró Museo, dedicábase a copialos, e compre decir que unha parte importante do ficheiro de pezas está debuxado por él. O mesmo tempo, foi ilustrador de diversos números do «Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos» e da obra de Vázquez Seijas «Fortalezas de Lugo y su provincia». Como restaurador, o seu último traballo, no que tivemos a ocasión de axudarlle, foi a limpeza duns grabados que actualmente se expoñen na fortaleza de San Paio de Narla (Friol).

Era tamén Pacios a memoria do Museo. A él consultábaselle calquera dúbida sobor dun obxeto ou un cadro: quen o donara, canto costara, a quen representaba, etc. eran preguntas que sóio él sabía respostar; pois a súa vida iba intimamente ligada ós últimos vinteseite anos do Museo, do cal coñecía todos os segredos, xa que, ademais, era o funcionario en activo máis antigo.

## OBRA

A obra de Pacios existente no Museo Provincial de Lugo é reducida pro variada, tendo somentes que lamentar a ausencia dalgunha acuarela que complete a exposición de todas aquelas facetas artísticas ás que este pintor se consagraba con pacencia e devoción cáseque ritual, pois a arte era pra él unha das máis importantes razóns de ser.

Na sala adicada a Música do devandito Museo, chaman a atención dous grabados que formaban parte dunha riola que o autor escomenzou sobor das

letras do abecedario, as cales estaban feitas con polas de carballo que deixan ver nós, follas e landras. O primeiro destes grabados, que leva por título «A la romería», de tonalidades rosa e azul, representa a un gaiteiro vestido de xeito aldeán soprando na gaita, servíndolle de fondo unha bota de viño, encargándose a letra G de enmarcalo.

O segundo dos grabados ofrécenos, dentro do D, a un zanfoñeiro sentado nun tallo tocando a zanfoña. Igual que no anterior, a vestimenta empregada é rústica, con gorra calada e zocas nos pés, feito que unido ás duras faccións dos rostros ausentes e das mans encallecidas, alonxan estas obras dun folklorismo pueril pra integrarse de cheo nunha corrente artística de raigame fundamentalmente galega e popular, de tipos marxinais, fonte tan frecuente de inspiración pra Pacios.

Enriba da porta que serve de acceso á sala de orfebrería prerromana, podemos contemplar dous debuxos realizados a tinta con pincel. Un deles, titulado «Mendiga» e que data do 1965, representa a unha vella sentada e coas mans cruzadas sobor do colo, servíndolle de fondo unha porta. O debuxo está feito con pinceladas grosas e con abundancia de negro, conseguindo así unha sensación de miseria e abandono moi propia do tema tratado.

O segundo dos cadros ofrece, nembargantes, unhas tonalidades mais claras e un motivo mais ledo. Preséntase co título de «Niños cantores», amosando un grupo de rapaces ó redor doutro, situado en primeiro plano, que mantén un libro aberto. Trátase de dúas obras sinxelas, tanto no fondo como na forma, sen grandes pretensións semellando incluso que son experimentacións artísticas ou traballos de entretenimento.

Na sala de arte galega é donde se atopa o conxunto máis importante das creacións de Pacios no Museo. No que a pintura se refire, o que facer diste artista vese reflexado en tres cadros ó oleo. Un deles representa a un pintor (Pacios comentounos nunha ocasión que era Blas Lourés) vestido casi todo de azul, sostendo cunha mao un pincel e ca outra a paleta e outros pinceles. Os seus pés hai unha careta, mentras que o fondo o enchen un grupo de enmascarados. O tema deste lenzo, titulado «El pintor y su mundo» e feito no 1954, alude á incompresión da que normalmente é obxecto o artista por parte dunha crítica que frecuentemente cae na adulación ou na falsa crítica, ocultando o que verdadeiramente pensa, de aí que se presenten co rostro tapado con caretas.

A segunda das obras ofrécenos a unha vella sentada nunha silla, cun paraugas a carón dela, cos brazos apoiados nunha táboa sobor da que hai un desproporcionado vaso de viño e unha botella. O cadro está feito en tabla, tratada previamente con area, e leva por título «Borracha».

Unha técnica semellante á anterior é a empregada noutro dos lenzos, mostrando este un grupo de casas vistas dende a muralla, da que se ve o petril.

Por último, soio nos queda por reseñar nesta sala unha escultura de Pacios. Trátase dunha peza en madeira que representa a unha vella envolta nun mandil a xeito de capa que sostén unha das mans pola parte interior, insinuando o mesmo a colocación dos brazos. Queda ó descuberto a cara, de faccións duras, con moitas arrugas e o semblante serio en concordancia coa prestancia de toda a talla, dando a sensación dunha persoa



orgullosa que prantou cara ós avatares da vida. Os pés, sobresaen en exceso do resto da obra, da que compre destacar que foi tallada soio cunha navalla, según ten manifestado o propio Pacios.

Fora de exposición pública, por situarse nas dependencias administrativas e na Biblioteca do Museo Provincial, temos tres cadros máis deste pintor lucense. Unha delas, titulada «A recolleita», ofrece a un grupo de labregas irrecoñecibles, pois o que importa é o tema, recollendo a herba seca, servíndolles de fondo un bosque de albres e as montañas. Trátase dun óleo de pinceladas grosas e rápidas, no que as persoas soio teñen a importancia que lles determina a temática da obra. O contraste de cores intensos, cuia variedade é nembargantes reducida (verde e marrón fundamentalmente) axuda a darlle expresividade ó lenzo que, a pesares de todo, acusa inmovilismo.

«Homenaxe a Goya» leva por nome o cadro que amosa o retrato do pintor dos fusilamentos do dous de maio, quen aparece vestido con chaqueta de color verde e sostendo nas maos os pinceis e a paleta. O fondo, caras grotescas difuminadas, as mesmas que Goya empregaba prás súas esceas de aquellarres e pinturas negras.

En «A tolda», Pacios deixa un recordo, hoxe xa documental, do antigo camiño fronte ó Balneario de Lugo. Cun certo matiz impresionista e con figuras miudas, o que se reflexa é o ambiente dun dos arrabaldos de Lugo mais fermosos, entón, e a frescura e verdor amareleante do paraxe é captado con felicidade e, o tempo, co agarimo con que Pacios trataba estas esceas.

Tamén fóra de exposición pública gárdase unha cabeza de bronce, retrato dun dos fundadores e membro da Xunta Rectora do Museo, o doctor don Manuel Pardo Baliña, morto ós 103 anos. A fidelidade ó retratado é a principal característica desta obra de Pacios.

## ESTILO

Estes poucos exemplos de Pacios que acabamos de ver, son case suficientes pra analizar con bastante aproximación a súa obra, tan sinxela como o seu autor. Porque Pacios, —pouca xente o chamaba polo nome de pía—, era un home tranquilo, pousado e cecáis algo tímido, epítetos que son aplicables ós seus cadros, os cales acusan unha tendencia a o estatismo.

Parte importante da súa produción céntrase nunha temática de tipos marxinais, como vellos, borrachos, mendigos, etc., chegando incluso a repetirse de xeito obsesivo con poucas variacións. Hai pouco tempo, tivemos ocasión de axudarlle a fotografiar unha colección na que estes motivos eran os predominantes.

Era Pacios tamén un pintor que ambientaba os seus lenzos con esceas de tipo popular, xa fora con paisaxes ou con persoas, sen que a súa obra caíra por iso nun folklorismo estereotipado, xa que gostaba de buscar unhas raigames galegas nas que os artesáns e os traballadores do campo e do mar xogaban un papel primordial.

Lugo, porque Pacios era un pintor lucense, e que exercía de tal é tamén un motivo importante de inspiración. Da capital prefería a cidade vella

—él vivía nunha das rúas máis enxebres— dedicándolle especial atención ós lugares recollidos, á muralla e ó río Miño. Polo que a provincia se refire, a vila de Foz e os seus arredores son obxeto dun tratamento particular, chegando incluso a facer unha exposición monográfica sobor deste municipio lucense no que acostumbraba a pasar tempadas de vacacións estivais.

Non era tampouco Pacios alleo ó traballo do retrato, sendo moitas as familias lucenses que exhiben con orgullo algún cadro feito por el a calquer membro da casa. Non dubidou tampouco, ó longo da sua extensa produción, en facer experimentacións vangardistas e ensaios co surrealismo, por que a Pacios gostáballe de xogar con todas as posibilidades que a pintura e a escultura lle ofrecían, xa que era un home que vivía adicado de cheo á arte.

Por último, cómpre decir que o compañeiro Pacios é merecente dunha sala monográfica no Museo Provincial de Lugo na que se recolla parte da súa obra máis sinificativa, xa que Pacios e o Museo van intimamente ligados dende fai moitos anos, sendo a millor homenaxe que se lle poidera facer. Agardamos que esta proposta teña a acollida que se merece.

Lugo, Xullo 1983.





PACIOS: «Recollendo a herba seca»



PACIOS: «Niños Cantores»